

ESTUDOS ATUAIS DE LINGUÍSTICA
GALEGO-PORTUGUESA

EDICIÓNS
laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO

372

Maria Aldina Marques e Xosé Manuel Sánchez Rei (eds.)

**ESTUDOS ATUAIS DE LINGUÍSTICA
GALEGO-PORTUGUESA**

EDICIÓN LAIOVENTO

2019

Greenpeace acredita que este libro cumpre os requisitos ambientais e sociais necesarios para ser considerado un libro “amigo dos bosques”. O proxecto “Libros amigos dos bosques” promove a conservación e o uso sustentábel da foresta, en especial dos bosques primarios, os últimos bosques virxes do planeta.

Papel certificado polo Forest Stewardship Council ®



En canto non se conseguir un consenso normativo para a lingua galega,
Edicións Laiovento respetará a opción ortográfica de cada autor.

© Maria Aldina Marques e Xosé Manuel Sánchez Rei (eds.)

© 2019, Edicións Laiovento, S.L.

Vía Pasteur, 26. Polígono do Tambre / 15890 Santiago de Compostela / Galiza / U.E.

Correo electrónico: laiovento@laiovento.com

Local na Rede: [//www.laiovento.com](http://www.laiovento.com)

I.S.B.N.: 978-84-8487-438-6

Depósito Legal: C 301-2019

Deseño editorial: Pepe Carreiro

Imprime Tórculo Comunicación Gráfica

Vía Edison 33-35. Polígono do Tambre

15890 Santiago de Compostela

Impreso en papel ecolóxico

Este libro non poderá ser reproducido, nin total
nin parcialmente, calquera que for o medio empregado,
sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

AS MOTIVACIÓNS DA SINTAXE NA DOCENCIA

Xosé Manuel Sánchez Rei
Universidade da Coruña
Grupo ILLA (<http://illa.udc.gal>)

1. CENTRALIDADE E RELEVANCIA DA SINTAXE

Un dos poetas galegos máis sobresaíntes da segunda metade do século XX, Manuel María (1929-2004), deixou escrito que o idioma é a chave con que se abre o mundo. A concordarmos con esta afirmación, nós ousaríamos acrescentarlle que esa singular chave se compón dunha aliaxe en que a sintaxe representa un dos metais máis importantes e o que contribúe para a facer diferente perante outros elementos contidos nesa amálgama metálica. Por iso vira moito fácil considerarmos a sintaxe o esqueleto dunha lingua ou de varias ou de todas, dependendo do marco teórico adoptado e das metas perseguidas. Percibida, pois, como a súa estrutura vertebral, e seguindo aquí o sinalado por Bickerton (1994: 210) e asumido por Tuson (2011: 83-84), a compoñente sintáctica é o que permite exprimir ao cérebro humano accións, posicións, procesos ou estados de cousas en que aparecen os conceptos de causalidade, comparación, condicionalidade, consecutividade, finalidade, simultaneidade, relativización temporal de expresións lingüísticas etc.: “vai acontecer *x* porque xa ocorreu *z*”, “se non acontecer *x* non terá lugar *z*”, “a menos que ocorrer *x* non pode suceder *z*”, “ese *x* corre máis rápido do que corría o *x* anterior”, “antes de *x* suceder terá lugar *z*” etc. Así, segundo eses dous autores, talvez sexa a compoñente sintáctica dunha lingua antes que as capacidades de abstracción cara a un significado referencial ou déctico o que máis singulariza o ser humano a respecto doutras especies de seres vivos relativamente ás habilidades cognitivas.

Nestes medios, sen entrarmos a debater se a orixe da linguaxe é monoxenética ou polixenética nin nas teorías

sobre a evolución dela (que parten de a consideraren un modo de comunicación ou ben un órgao complexo, como un ollo), o certo é que o longo camiño da evolución humana dá para repararmos en como hai aproximadamente 150.000 ou 100.000 anos, en plena época paleolítica¹, os primeiros individuos que se poden considerar representantes de *sapiens* tiveron de desenvolver o pensamento sintáctico para interaxiren entre eles e con outros grupos humanos de forma a se enfrontaren cos pormenores da súa vida cotiá. Estes consistían en construíren estruturas de habitación, en controlaren o lume, en estableceren diversos tipos de relacións grupais, en practicaren certa sorte de enterramentos, en organizaren a cazada ou a recollida de alimentos, en proxectaren migracións, en referencieren accións do pasado ou pensaren nas que aínda non aconteceran, en reflectiren o afecto e a sexualidade etc. É por iso que as condicións, as consecuencias, as finalidades, os desenvolvementos cronolóxicos de todas esas programacións vitais tiveron de ser necesariamente perpasadas pola organización que lles permitiu a sintaxe.

Do punto de vista sociolóxico, deixando de parte eses albores da linguaxe humana e a nos centrarmos na nosa época, tamén non falta quen conceda á sintaxe determinadas características a respecto doutras compoñentes da descrición gramatical. Tal é o que desenvolve Hudson (2000: 55-58) ao falar das variedades lingüísticas e dos rexistros: a seu ver, podemos empregar a morfoloxía, a sintaxe e o léxico para darmos a entender o noso “estado social actual, como por exemplo el grado de educación que hemos recibido”. Continuando nesta liña, a sintaxe, para o lingüista británico, sería a marca de cohesión social ao facer que cada falante tentase eliminar alternativas lingüísticas do seu propio idiolecto para confluír coas consideradas dentro da

1 Cf. Malmberg (1985: 14), que, a se referir ao *homo loquens*, recolle que o momento en que a linguaxe adoptou a súa forma tivo lugar aproximadamente hai 100.000 anos.

gramática ou coas coincidentes con outros grupos de falantes. Por seu turno, o léxico percibiríase como un indicio de divisións estratuais e profesionais, ao paso que a pronuncia reflectiría o grupo social permanente con que os membros da comunidade tencionarían identificarse.

Ao mesmo tempo, dunha perspectiva menos sociolingüística e máis focada no uso individual da lingua, cando apareceren problemas neurolóxicos como consecuencia de determinadas patoloxías (certas demencias senís, mal de Alzheimer etc.), as alteracións en sintaxe son unhas das probas que verifican que, debido ás afasias, algo no cérebro non está a funcionar como debería (Jódar Vicente 2005: 111-120). Nas diferentes fases desas doenzas son fáceis de se documentaren, para alén de disfuncións na expresión oral ou nas destrezas lecto-escritoras, fenómenos de anacolutos gramaticais, esvaecemento da percepción da construción sintáctica, perda do fío discursivo no eixo semántico-sintáctico, secundarización das concordancias morfemáticas entre os elementos fráscicos e clausais, reiteracións desnecesarias no fluír do texto, interpretabilidade semántica dubidosa, problemas na adscrición argumental dos verbos no tocante á presenza dos actantes exixidos etc. Estas e aínda outras fenomenoloxías sintácticas evidencian con bastante verosimillanza a afectación neurolóxica, no marco que se coñece como “agramatismo” e “paragramatismo”².

Por iso, de todas as disciplinas lingüísticas que fan parte do que se entende por gramática e de todos os saberes vinculados directa ou indirectamente a esta, a sintaxe constitúe unha rama central, cunhas singularidades ben específicas, sobre todo a termos en conta a súa transcendencia: se o desenvolvemento da sintaxe hai xa centos de milleiros de anos correu paralelo á evolución das primeiras comunidades de seres humanos e mesmo a fixo posíbel, se as

2 O termo *agramatismo* retrotrae a súa utilización aos primordios do século XIX, cando Deleuze, en 1819, o empregou para designar calquera alteración da produción das cláusulas “observadas en pacientes afásicos” (Benedet 2006, II: 50).

capacidades de construírmos estruturas sintácticas complexas informan do noso grao de formación e se cando apareceren determinadas patoloxías neurolóxicas un dos primeiros elementos afectados vai ser a sintaxe, chama a atención, no entanto, o acusado morfocentrismo que caracterizou a reflexión lingüística até non hai moito tempo (Cidrás Escáneo 2005: 339; Neves 2002: 49-60). Trátase dunha situación común ás máis das linguas cando menos na cultura occidental, segundo se puña de manifesto xa no clásico traballo de Volóshinov (2014: 184-185), as cales viron como a descrición das súas estruturas e funcións sintácticas non conseguiu o mesmo grao de desenvolvemento que o doutros saberes gramaticais: durante o século XIX, por exemplo, os esforzos estiveron focados na análise da mudanza lingüística, nomeadamente centrada na fonética, ao paso que as escolas do estruturalismo da centuria seguinte, emerxentes após a publicación póstuma do *Cours de Linguistique Générale* de Ferdinand de Saussure en 1916 por parte de alumnos do mestre suízo, non concederon á sintaxe a mesma atención que a outros estudos de carácter lingüístico. De aí, en parte, provén a demora no desenvolvemento desta disciplina, situación que só involucará na segunda metade do século XX a partir, en primeiro lugar, das propostas formalistas de Noam Chomsky, as cales supuxeron unha forte liña contestaria a respecto dos principios do estruturalismo europeo, e, en segundo lugar, depois das posteriores escolas funcionalistas, unha reacción aos postulados das gramáticas formais.

2. SINTAXE, GRAMÁTICA E MARCOS TEÓRICOS

Noutra orde de cousas, ao se falar do significado de “gramática” ábreanse interesantes perspectivas de definición para un termo no cal aínda hoxe se achan varias posibilidades de interpretación dependendo de escolas e de autoras/es. De aí o feito de se sinalar que unha grande parte de lingüistas usa convencionalmente tal palabra dun modo ambiguo, embora

esa ambigüidade poida, no entanto, resultar útil tendo en conta o obxecto de estudo (Riemsdik & Williams 1990: 23) e as acepcións que posúe o termo³; así as cousas, na liña do contido en Roca-Pons (1982: 165-167) ou en Azeredo (2008: 128-131), barállanse presentemente ou foron manexadas noutras épocas acepcións como gramática comparada, gramática descritiva ou funcional, gramática explícita, gramática histórica, gramática latente, gramática normativa ou prescritiva, gramática psicolóxica, gramática xeral etc.

Hai que dicir tamén que varias das orientacións teóricas nadas a partir do ecuador do século XX foron paulatinamente sendo secundarizadas, cal as correntes distribucionalistas. Outras sufreron importantes lecturas e revisións, tal e como aconteceu co xenerativismo nos seus estadios iniciais desde a publicación de Noam Chomsky *Syntactic Structures* en 1957 até ao programa minimalista, centrado no estudo das formas lóxicas e das formas fonéticas (Chomsky 1995). Tamén protagonizou unha substancial evolución a gramática de valencias, formulada inicialmente na obra de Lucien Tesnière *Éléments de Syntaxe Structurale* de 1959 e notabelmente adaptada, para o ámbi-

3 Eis algunhas definicións clásicas: “Estudo de una língua examinada como sistema de meios de expressão. Mais estritamente é o estudo dos morfemas [...], ou morfologia, e dos procesos de estruturação do sintagma. Pode-se acrescentar o estudo dos traços fónicos, e da grafia correspondente, que permitem a apreensão lingüística pela distinção acústica dos elementos enunciados, na língua oral [...], e, na língua escrita, a leitura do texto [...]. Trata, portanto, a gramática: a) dos fonemas e sua combinação; dos morfemas e sua estruturação no vocábulo (sintagma lexical); c) dos sintagmas de vocábulos. Daí as suas três partes gerais, respectivamente: a) Fonologia; b) Morfologia; c) Sintaxe” (Câmara *s.d.*: 201 *s.v. gramática*). Por súa vez, Lewandowski (1992: 158, *s.v. gramática*) proporciona as seguintes interpretacións: (i) “manual/libro de regras que describe la construcción de una lengua o establece normativamente como válidas ciertas reglas de uso”; (ii) campo dentro da lingüística que investiga “la constitución y variación de las palabras, grupos de palabras, frases, pero que no toma en consideración la fonética y l fonología, como tampoco la semántica y la formación de palabras”; (iii) “construcción lingüística, estructura inmanente del lenguaje, el sistema de reglas en funcionamiento que subyace al lenguaje”; e (iv) “conjunto de reglas, de las posibilidades de una lengua, representadas en una teoría de la gramática como modelo y teoría parcial de una teoría del lenguaje, o como teoría lingüística universal”.

to galego-portugués, no traballo de Busse & Vilela (1986), ou mesmo revista con diferentes fundamentacións desde principios morfosintácticos, lóxico-semánticos ou pragmáticos, segundo sinala Albi Aparicio (2005: 191). Na secuencia do tempo, igualmente, outras propostas de interpretación do fenómeno gramatical foron xurdindo, cal é o caso das heteroxéneas escolas de carácter cognitivo (semántica de marcos, modelo cognitivo idealizado etc.) ou como se produciu co desenvolvemento desde finais do século XX da lingüística textual. Por súa vez, o funcionalismo conseguiu unha notoria implantación en diversos países dando orixe a abordaxes sobre os fenómenos gramaticais nin sempre coincidentes, o que levou Hernández Alonso (2005: 232-233), após rever algunhas propostas de clasificación das escolas funcionalistas modernas, a formular unha grande distinción entre dúas correntes: en primeiro lugar, as correntes americanas (Givón, Lakoff, Foley, Van Valín etc.) e, en segundo lugar, as europeas (Coseriu, Dik, Halliday, Martinet etc.). En definitivo, dedúcese a partir de aquí que a diversidade de focaxes teóricas para explicaren o funcionamento da gramática é, presentemente, notoria.

Con todo, a pesar da complexidade semántica que trae consigo o termo “gramática”, moito embora ter sido leccionada durante moitos séculos como técnica en vez de ser entendida epistemoloxicamente como unha ciencia (Rabanales 1992: 12) e a pesar igualmente da cantidade de modelos de investigación existentes, un dos vínculos máis estreitos e que máis rapidamente se estabelecen coa reflexión gramatical é aquel que se marca coa sintaxe, e viceversa, xa que, cando se debate sobre o que significa este termo en relación coa gramática aparece xa entre as primeiras asociacións. De facto, aínda que mesmo na actualidade haxa hesitacións a respecto das partes que integran o saber gramatical ou relativamente ao status que teñen todas dentro dela, como, por exemplo, a fonética, a formación de

palabras ou a semántica⁴, non hai nin houbo ningún tipo de dúbida, porén, no tocante a considerar a sintaxe como unha das súas disciplinas nucleares. Inclusive, para autoras/es integrábeis nas correntes formalistas ou próximos delas, o estudo da gramática, sen por iso descoidar outros saberes, debe principalmente centrarse na investigación da sintaxe, seguindo as ideas de Noam Chomsky e os postulados do xenerativismo (Riemsdik & Williams 1990: 23; García-Miguel & Cabeza 2000: 546); e mesmo a morfoloxía, en determinados modelos teóricos, non tería até nin rango independente dentro da gramática (Varela Ortega 1996: 31).

Non é de estrañar, por tanto, que a compoñente sintáctica dentro do estudo gramatical provocase que o termo “sintaxe” até se tivese confundido co de “gramática”, conforme se recolle en Dubois *et al.* (2007: 559, *s.v. sintaxe*). Así, para algunhas persoas que se preocuparon polo estudo da lingua galega en finais do século XIX e nos primeiros decenios da centuria seguinte, existía unha certa equiparación entre ambos os conceptos, a faceren uso do nome “gramática” como se fose sinónimo da sintaxe. Dito con outras palabras, se a semántica ou a fonética, por exemplo, conseguiron entrar no edificio da gramática en

4 Non están sen exemplo obras de referencia no ámbito galego-portugués que recollen seccións ou partes de dubidoso encaixamento dentro da gramática. Así, por exemplo, deixando de parte as gramáticas galegas oitocentistas e as do primeiro cuartel do século XX, que inclúen nas súas páxinas vocabularios, mostras literarias, refráns e outra sorte de aditamentos (Sánchez Rei 2005), Carvalho Calero non tivo dúbidas en incluír unha “Orientación bibliográfica” (Carballo Calero 1979: 13-41), unha sección intitulada “Orígenes del gallego” (1979: 54-56), unha outra “Modalidades de gallego” (1979: 78-84) etc. Por súa vez, a *Gramática* de Cuesta & Luz (1989) recolle unhas “Noções de geografia da língua portuguesa (1989: 39-155) e até unhas “Noções de história da língua” (1989: 157-277). A obra de Cunha & Cintra (1992) inclúe uns “Conceitos gerais” (1992: 1-8), un capítulo dedicado ao “Domínio actual da língua portuguesa” (1992: 8-24) e até un outro consagrado ás “Noções de versificação” (1992: 665-710). Exemplo máis recente é o de Azeredo (2008), en cuxo traballo figuran seccións como “A lingua e os seus usos expressivos” (2008-473-515) e mesmo unha parte intitulada “Apêndices (2008: 517-552) con temas dedicados á puntuación, ás circunstancias particulares do portugués brasileiro etc.

tempos relativamente recentes (e aínda con matizacións)⁵, a sintaxe foi sempre a pedra do lar a cuxa volta foi construída esa casa, ese predio exclusivamente humano que corresponde á linguaxe articulada.

A gramática aínda se presta hoxe a bastantes adxectivacións e coa sintaxe non aconteceu exactamente o mesmo, a pesar de podermos facer unha comparación co pasar do tempo, desde as súas primeiras acepcións ás que recibe na actualidade. Tal termo, “sintaxe”, quería dicir, en principio, “orde” ou “ordenación”, “disposición”, “organización” e, con efecto, a orde de elementos que presentan as expresións lingüísticas é un tema de que tradicionalmente se vén ocupando esta rama do saber, até chegar, xa no século XX, ao estudo da tipoloxía e universais lingüísticos partindo deses parámetros. Mais o certo é que, ao longo dos máis de vinte e dous séculos de tradición gramatical no mundo occidental, desde os inicios helenísticos con Dionisio de Tracia até á actualidade⁶, o significado do vocábulo “sintaxe” foi recibindo novos valores e actualizándose, especialmente, como xa ficou dito, a partir da segunda metade do século XX. Entre os antigos, foi Apolonio Díscolo, en finais do s. II, o primeiro en desenvolver con clareza temas de contido sintáctico. Non hai que esquecer aquí, para o caso que nos ocupa, que a primeira definición coherente de “sintaxe” no discurso gramatical galego é a de Saco Arce (1868: 155), o cal, en finais do s. XIX, facía constar que unha vez coñeci-

5 Véxase, por exemplo, Fudge (1975: 94) cando sitúa a fonoloxía entre a gramática e a fonética. Por súa vez, Malmberg (1985: 229), referíndose ás escolas formalistas, sinala que “el análisis generativo ha llegado a incluir la semántica en su esfera y que, en realidad, en el momento actual el estudio de los significados se ha vuelto central en todas las partes de la lingüística”.

6 Na realidade, Dionisio de Tracia (170-90 a.d.n.e.) sentou as bases da reflexión gramatical, dando “à gramática uma forma que, por muito tempo, foi definitiva, e cujos traços fundamentais ainda hoje podem ser reconhecidos em muitas obras gramaticais de ocidente” (Neves 2002: 52). Outras tradicións gramaticais anteriores son a hindú, que remonta as súas orixes ao século IV a través de Panini, o seu máis famoso representante (Malmberg 1985: 216).

da “la naturaleza de cada una de las partes de la oración, enseña la sintáxis las relaciones que median entre ellas y la colocación que observan entre sí para formar oraciones, esto es, expresiones completas de pensamientos”.

3. *UTILIDADE DA SINTAXE NAS AULAS DE GRAMÁTICA*

Ninguén nega, pois, a importancia que ten a sintaxe dentro da gramática. E, igualmente, tamén se non pode obviar que as metas que persegue representan unha equivalente transcendencia. Mais nas aulas do ensino, e non unicamente no universitario, xorden en ocasións dúbidas á volta de como transmitir ao alumnado esa centralidade ou de que maneiras pode ser motivado para poder percibir a importancia da reflexión sintáctica. Na actualidade, a pesar do consenso xeral sobre a significación do termo “sintaxe”, podemos convir que os obxectivos dela, conforme sinala Alonso-Cortés (2015: 362), se orientan en tres aspectos fundamentais: (i) o estudo das clases de palabras, (ii) o estudo das funcións que desempeñan as cláusulas e (iii) o estudo das estruturas que as palabras forman. Así as cousas, a nos basearmos nesta tripla e fundamental aproximación, ampliámola e coidamos que na sintaxe dunha lingua teñen cabida varios ámbitos de traballo⁷ que poden ser explorados de diversa maneira no desenvolvemento da docencia de gramática. Centrémonos para iso na sintaxe oracional ou clausal e preferimos reservar o dominio da sintaxe extraoracional para o ámbito da gramática do texto. Vexamos, pois, algúns deses ámbitos de reflexión.

7 Cf. Vilela (1999: 277) cando di que “não há, contudo, uma perspectivação unânime acerca do objecto da sintaxe: ou se faz a equivalência entre gramática e sintaxe, abrangendo portanto a frase e os elementos que a compõem, ou se coloca o objecto da sintaxe, não apenas na frase, mas também em outras construções (sintáticas) muito para além da frase”.

3.1. Unidades e funcións

A sintaxe dispón dunhas unidades que sinalan a identificación de estruturas dotadas de funcións. Por iso, talvez unha das primeiras cuestións que debe ponderarse nas salas de ensino é aquela referida á análise e caracterización do que se entende por esas unidades sintácticas, no marco das unidades lingüísticas gradativas, ben como da nomenclatura que deben recibir (frase ou sintagma, entendido este como un grupo de elementos lingüísticos dotado de coherencia fonolóxica, semántica e sintáctica; frase ou cláusula; cláusula ou oración; oración ou enunciado; texto ou discurso; etc.), o que está determinado polo marco teórico escollido. Cada tipo de unidade, unha vez que se consegue determinar e caracterizar (FN, FSubs, FA, FAd, FPrep, FV; frases simples, complexas e compostas; cláusulas simples, complexas, compostas e bipolares; cláusulas transitivas, intransitivas e impersoais; etc.), pode presentar trazos capaces de seren intrínsecos a ela (como por exemplo os tipos de determinación nominal no ámbito das estruturas nominais) ou comúns con outras tipoloxías de unidades (cal a función de modificadores que desenvolven as FPrep relativamente a un nome substantivo, nome adxectivo, adverbio ou verbo). Do mesmo modo, hai unidades que poden desempeñar diversas funcións, cal a frase relativamente ao SUX (1a), CD (1b), CI (1c), CC (1d) etc., segundo se observa nos seguintes exemplos coa estrutura *este ano*:

1. (a) *Este ano* foi unha época de moitos problemas no monte
- (b) Vivín *este ano* como un tempo para a reflexión
- (c) *A este ano* non se lle pode pedir máis que acabe dunha vez!
- (d) As arquitectas desa empresa decidiron non traballar *este ano*

Ao paso, hai outras que posúen unhas responsabilidades máis limitadas, como acontece coa FPrep *en certos animais* a respecto das funcións CPrep (2a) e CC (2b):

2. (a) Non se pode confiar *en certos animais*
- (b) *En certos animais* dáse un comportamento agresivo
co ser humano

Chegados a este punto, isto é, determinadas as unidades con que opera a sintaxe e asumido que non pode haber forma ou unidade sen desempeñar unha responsabilidade gramatical, outro ámbito de análise é o estudo das convencionalmente coñecidas como funcións sintácticas, especialmente en dúas esferas: (i) no ámbito frásico (con diversidade de nomenclaturas utilizadas: núcleo e adxacente, núcleo e adxunto, núcleo e modificador, premodificador e posmodificador etc.); (ii) no ámbito clausal (coa existencia de varias nomenclaturas: SUX, CD ou OD, CI ou OI, CPrep ou SUP etc.), en que se estudan relacións que as tales funcións posúen entre si relativamente á FV e a respecto das tamén convencionais funcións semánticas e informativas. Isto implica que se debe aceptar *a priori* a existencia dun inventario de funcións sintácticas para unha lingua, neste caso a galega. As relacións do SUX coa FV, por exemplo, resultan unhas das máis interesantes ao confrontarmos diferentes marcos teóricos; así, en canto para certas escolas o SUX é independente da FV aínda que manteña con esta unha estreitísima vinculación, para outros modelos o SUX non é senón máis un elemento argumental dos exixidos polo predicado verbal, o que o sitúa practicamente no mesmo status que outros constituíntes actanciais, conforme acontece co formulamento da gramática de valencias. Nestes medios, desde os postulados da gramática tradicional, existen funcións que se veñen considerando máis relevantes que outras ou dotadas dunha centralidade maior, cal o SUX ou o CD, en canto tamén hai outras que normalmente foron encaixadas en posicións máis laterais, como as identificadas coa etiqueta de CC. Porén, o propio predicado verbal tirado do lexicón leva implícitas as regras de selec-

ción de constituíntes funcionais que fan centrais ou secundarias determinadas responsabilidades sintácticas, cal é o caso da secuencia *na vila* nos exemplos de (3): (i) relación argumental e básica exixida polos trazos sintáctico-lexicais e semánticos do propio verbo *morar* ('alguén mora nalgún sitio') ou *introducir* ('alguén introduce algo nalgún sitio') e (ii) relación non argumental, adicionada pola vontade do emisor ou emisora, que pode, con efecto, acrecentar certo tipo de información, mais que non se acha no marco predicativo do verbo *facilitar* ('alguén facilita algo a alguén') ou *ver* ('alguén ve algo ou alguén') e que, precisamente por isto, non sofre o control verbal:

3. (a) Os seus amigos moran *na vila* desde hai ben tempo
 (a') As funcionarias facilitáronnos *na vila* información sobre os restos arqueolóxicos
 (b) Vas introducir novas mudanzas *nas probas do libro*?
 (b') Vin un par de grallas *nas probas do libro*

Por iso, á análise das funcións sintácticas tamén pode accederse a través do estudo do proceso que consegue que unha unidade do lexicón, normalmente un predicado verbal, acabe xerando unha expresión lingüística. Para iso, ten de se dar a incorporación á estrutura do verbo daqueles elementos exixidos semanticamente por este despois de seren aplicadas as regras de asignación de funcións sintácticas e semánticas a través de diversos mecanismos, tales como a orde de palabras, as marcas de concordancia etc. En xeral, cada elemento do lexicón está dotado dun conxunto de información lingüística (pragmática, semántica, sintáctica, morfolóxica, fonética etc.) que é o que se encarga de nos indicar como se pronuncia, cales son os seus trazos morfemáticos etc., e tamén, como ten de se construír unha expresión lingüística a partir desa información sintáctica e semántica. Repárese no verbo *dar* en (4),

que posúe sintáctica e semanticamente diversos marcos predicativos cuxos lugares baleiros ou argumentais teñen de ser preenchidos polos actantes, e nótese o que acontece cando non se cobren eses lugares baleiros ou cando se prechen con elementos semanticamente inadecuados:

4. (a) O pai A1⁸ deu un bico A2 ao fillo A3
 (a') *O pai A1 deu un bico A2
 (a'') *O bico A1 deu un pai A2 ao fillo A3
 (b) Eu A1 dei coa solución A4 antes ca ti
 (b') *Eu A1 dei antes ca ti
 (c) Aquela rúa A1 dá a unha praza pequena mais moito engrazada A6
 (c') *Aquela rúa A1 dá
 (d) Nós A1 dabámoste A2 en Paris A5 nestes días. Onde estiveches?
 (d') *Nós A1 dabamos en Paris A5 nestes días. Onde estiveches?
 (e) Os policías A1 déronlle A3 de labazadas A4 até que ficou sen sentido
 (e') *As labazadas déronlle A3 de policías A4 até que ficou sen sentido

3.2. Orde de elementos

Máis unha hipótese de reflexión en sintaxe para desenvolver nas salas de ensino aparece na análise da orde que os constituíntes presentan nas unidades sintácticas, ben como das mudanzas significativas na esfera pragmática que a alteración deses ordenamentos puiden provocar. As palabras organízanse linearmente en combinacións e non carece de importancia alterar esa organización, xa que a orde de elementos enforma o procedemento máis instintivo para indicar as relacións entre elas. A orde de palabras representa un dos mecanismos fundamentais para sinalar as relacións entre os constituíntes da cláusula

8 Identificamos o tipo de actante de acordo co exposto en Busse & Vilela (1986).

la⁹, moito embora as modificacións que poidan producirse nesa ordenación non sexan gratuítas do punto de vista sintáctico, semántico e pragmático, como se demostra nos exemplos a seguir:

5. (a) *As alumnas* fixeron o traballo de gramática antes do verán
- (b) *O traballo de gramática* fixérono as alumnas antes do verán
- (c) *O traballo de gramática* foi feito polas alumnas antes do verán
- (d) *Antes do verán*, as alumnas fixeron o traballo de gramática

Nestes medios, a variación en sintaxe, a teor dos exemplos que acaban de ser expostos, é capaz de implicar alteracións importantes no significado global e na asignación de funcións (sintácticas, semánticas e informativas), o que non acontece coa variación noutras disciplinas lingüísticas. Así, por exemplo, as diferentes pronuncias detectábeis hoxe en día para o /e/ de *pedir* ou para a consoante fricativa de *facер* /θ/ ~ /s/ ([pe'ðir], [pɛ'ðir], [pi'ðir] etc.; [fa'gɛr], [fa'gɛr], [fa'ser], [fa'θer] etc.), suxeitas a variábeis de tipo contextual, local, idiolectal etc., non modifican os trazos léxico-semánticos de ambos os predicados verbais; porén, a alteración da orde de elementos clausais en *As alumnas fixeron o traballo de gramática antes do verán* leva implícitos diferentes esquemas de presentación da información que non resultan equivalentes. Nestes, é o propio individuo

9 Nótase que a propia orde de elementos xa é capaz de determinar por si propia a asignación de funcións sintácticas, sen necesidade de apareceren elementos individualizados coa marca de caso. De aí que, por exemplo, o CD non precise normalmente de preposición en circunstancias de linearidade discursiva normais, e tampouco o de persoa: *O delegado atacou verbalmente as funcionarias*, *O seu pai venceu o noso veciño no torneo* etc. Para un estudo do comportamento do CD en galego, véxase Freixeiro Mato (2006, II: 630-639); para unha perspectiva histórica no ámbito da calidade lingüística, véxase Sánchez Rei (2014).

o que decide sempre como ten de ser formulada esa tal proposta de información e como se organizan as funcións informativas; naquel outros exemplos de *pedir* e *facer*, en confronto, a persoa nin sempre ten a hipótese de escoller os trazos fónicos, que veñen determinados por outros factores. Infírese de aquí facilmente que a orde de elementos non é totalmente libre e que, da comparación de diferentes linguas, xorden algunhas caracterizadas por unha notábel rixidez, como o inglés, e outras en que se verifica unha maior flexibilidade, cal o latín; o galego, igual que outras linguas románicas, sitúase nunha posición intermediaria a este respecto ao estar dotado dunha rica flexión que facilita esa relativa liberdade.

3.3. *Relacións entre elementos*

Tamén interesa verificarmos os vínculos que os elementos que enforman as construcións sintácticas manteñen entre si no discurso linearizado, isto é, dando conta de vínculos de (inter)dependencia, subordinación, coordinación, xustaposición etc. e da súa representación en esquemas abstractos capaces de reflectiren esas relacións gramaticais, ou sexa, sistemas arbóreos ascendentes ou desdecendentes, modelos de caixas, sistemas de colchetes etc. As construcións sintácticas están hierarquizadas (Duarte & Brito 1996: 249; Eliseu 2008: 31-37) e eses modelos de representación deben dar conta dos graos desa tal hierarquización. O tipo de relación determina a tipoloxía de unidade sintáctica: a FPrep exprime un vínculo de interdependencia entre os seus constituíntes (relator e termo) ao non poder aparecer ningún deles isoladamente sen o outro:

6. (a) Viñeron unhas amigas *de París*
- (b) *Viñeron unhas amigas *de*
- (c) *Viñeron unhas amigas *París*

En confronto, as frases de natureza nominal e inclusive outras unidades mesmo frásicas capaces de as integraren (FSubs, FPrep etc.) manteñen unha relación de subordinación proxectada desde o elemento nuclear até aos adxacentes, verificada na posibilidade de o tal núcleo poder aparecer sen elementos adxuntos, con independencia da frecuente alteración semántica:

7. (a) Viñeron *alumnas* á representación teatral
- (b) Viñeron *as alumnas* á representación teatral
- (c) Viñeron *as alumnas de cuarto* á representación teatral

No marco desas relacións, tamén levanta interese a análise de elementos lingüísticos cuxa significación sintáctico-semántica global puider resultar ambigua nunha expresión lingüística formada no que se identifica como linguaxe normal. E tamén posúe a súa relevancia como aplicar os mecanismos necesarios para favoreceren esa desambiguación significativa. Normalmente, considéranse casos prototípicos de ambigüidade de adxunción aquelas construcións que permiten máis de unha proposta de análise sintáctica, de aí que as combinacións de palabras, para alén dunha disposición ou organización linear, estean dotadas dunha estrutura hierárquica, tal como se sinalou máis acima. Subsecuentemente, as propiedades de concordancia protagonizan en moitos casos xogos de (des)ambiguación sintáctico-semántica. Repárese, nos seguintes exemplos de (8), no adxectivo *grandes* a respecto do/s substantivo/s que cualifica, no elemento que anaforiza *lle*, no suxeito do verbo *comer* ou no elemento que refire *súa*:

8. (a) Na rúa había cans e gatos *grandes*
- (b) O Luís presentoume a súa parella e de *ille* un beixo
- (c) Observei o pianista en canto *comía* un pastel
- (d) Escoitaron a nova profesora de lingua e a decana na *súa* facultade

Tal ambigüidade, segundo o exposto en Benedet (2006, I: 153) pode ser de dous tipos:

(i) local, se se cinxir ao interior dunha mesma cláusula, tal e como acontece co exemplo seguinte

9. Verdi, autor da *Traviata*, *cuxa música é ben coñecida*, compuxo a obra en 1853

(ii) global, se a propia cláusula non for capaz de resolver con sucesos a interpretación máis adecuada e se tiveren posibilidades de interpretación outros elementos textuais para alén dunha única cláusula:

10. Verdi foi o autor da *Traviata*. *A súa música é ben coñecida*

O que teñen en común ambos estes exemplos é que *cuxa música é ben coñecida* e *A súa música é ben coñecida* manteñen a ambigüidade a respecto de a que parte da cláusula vai referida, se ao autor da ópera ou á melodía desta. O que os diferencia é o facto de esa dupla possibilidade de interpretación estar expresada nunha cláusula incrustada de relativo dentro doutra cláusula (en 9) ou de vir expresada en dúas cláusulas enunciativas copulativas independentes (en 10).

Ora, nin todas as tipoloxías de textos ou discursos teñen de gardar as mesmas exixencias canto á precisión sintáctico-semántica. Algúns, como os xornalísticos ou xurídico-administrativos, demandan unha grande concreción sintáctica e semántica, máis evidente que a exixida por outros tipos de textos, cal os que manifestan con clareza unha pretendida vontade estética, en que mesmo se chega a favorecer a existencia desas ambigüidades gramaticais e multiplicidade de interpretacións “segundo interesar máis a precisión ou certa sensación de indefinición” (Freixeiro Mato 2013: 403).

3.4. *Estruturação interna*

As unidades sintácticas, coas súas subsecuentes funcións, deben dispor dunha estruturação que diga respecto a como se organizan na frase ou na cláusula, de aí a relevancia do estudo das posibilidades de construción interna que presentan eses constituíntes. Nótense as cláusulas amodotemporais (11a, 11b) e as cláusulas modotemporais con función de SUX nas dúas seguintes mostras (11a', 11b'):

11. (a) Convén lermos o informe económico antes da reunión
(a') Convén que leamos o informe económico antes da reunión
- (b) Cómprelles saíren da casa o antes posíbel
(b') Cómprelles que saian da casa o antes posíbel

Hai que notar aquí que variábeis non intrinsecamente derivadas da propia sintaxe, tales como a vontade de estilo, factores contextuais ou individuais etc., determinan con frecuencia esas alternativas de construción. No caso do galego, pola situación de contacto lingüístico co español, non se pode descartar que a maior frecuencia na lingua oral actual que parecen presentar certas hipóteses de estruturação sintáctica se deba precisamente á súa coincidencia coas posibilidades equivalentes desta lingua. Os dous idiomas, a seren ambos linguas románicas, partillan determinados trazos sintácticos que tamén aparecen noutros territorios neolatinos. Mais nas salas do ensino, cando, habendo varias posibilidades de construción gramatical, se pregunta ao alumnado cales utiliza con maior frecuencia ou en exclusividade, a resposta normalmente sinala que as máis empregadas son as que posúen unha maior proximidade co español ou as que coinciden totalmente con esta lingua. Por iso, as mostras de (11a') e (11b') son, cando se efectúan esas preguntas, habitualmente as máis secundadas.

3.5. *Descrición e prescrición*

Tamén se pode concibir a sintaxe como a análise, no marco da gramática de orientación prescritivista ou normativa, daquelas construcións dubidosas no que se considera “linguaxe normal” e/ou estandarizada, na liña desenvolvida por Peres & Mória (1995) para o portugués ou por Rodríguez Espiñeira (2004: 163-204) ou Martínez (2005) para o español. O confronto dos seguintes exemplos mostra hipóteses de estruturas que formulan hesitacións a respecto da súa validade, especialmente o caso de (12a’”), de marcada adscrición local, e o de (12b’), sentida como agramatical, a pesar de se detectar cunha relativa frecuencia en determinados tipos de textos, cal os xornalísticos:

12. (a) O libro? Tes que llo dar mañá sen falta
 (a’) O libro? Tesllo que dar mañá sen falta
 (a’’) O libro? Tes que darllo mañá sen falta
 (a’’’) O libro? Teslle que dalo mañá sen falta
 (b) A delegada sindical comunicou ás operarias as últimas modificacións da lei
 (b’) *As operarias foron comunicadas das últimas modificacións da lei pola delegada

Durante moitos anos, nas aulas do ensino, a orientación normativista foi unha das principais liñas didácticas, chegando mesmo a actitudes discriminatorias con persoas que posuían trazos fonéticos, gramaticais ou lexicais non coincidentes coas variedades consideradas cultas ou estándares. A cuestión dos tipos de portugués oral popular que se achan no Brasil e a súa identificación por parte de certos sectores como modos non válidos de empregar a lingua serve aquí como ilustrativo exemplo para o ámbito galego-portugués e, segundo é sabido, xerou unha ampla literatura especializada. No caso particular da Galiza, hai construcións que non ofrecen dúbidas no tocante á súa validade ou á súa inadecuación, como xa foi percibido por estudio-

sos da lingua no século XIX e nos primordios do XX cando criticaban os procesos de hibridación sintáctica, a pesar de algunhas destas últimas contaren cunha certa atestación social en determinadas rexións do país, como acontece cos casos de (13a') e (13b')¹⁰:

13. (a) Díxome que viñas hoxe durante a tarde
(a') *Me dixo que viñas hoxe durante a tarde
(b) Envioulle un paquete polo seu aniversario
(b') *Lle enviou un paquete polo seu aniversario

Outras estruturas, polo contrario, son capaces de presentaren hesitacións no tocante á súa validez e nin sempre está totalmente claro para falantes e lingüistas se se trata de estruturas admisíbeis ou non. En tales circunstancias é que se achan determinadas estruturacións, entre as cales podemos sinalar, sen ánimo de exhaustividade, as seguintes:

- (i) estruturas non xerais na linguaxe corrente ou non empregadas na propia variedade idiolectal, mais que poden ser coñecidas a través da literatura ou mediante o contacto con falantes diferentes; nótese a combina-

10 Cf. Álvarez (2005: 371), cando se refire á “posición do pronome ‘á ferrolá’, que se vén atribuíndo a unha forte interferencia lingüística do español na comarca nos últimos séculos, e que habería que estudar máis a fondo”. En xeral, segundo a nosa propia experiencia, dáse no galego de grandes centros urbanos, en grupos de falantes moi interferidos pola lingua do Estado; na comarca de Sobrado dos Monxes, por exemplo, dicíase non hai moito tempo que ese modo de dispor o clítico era propio “da Coruña”; e en Cedeira, por súa vez, moitas persoas sinalaban a cidade departamental para localizaren esas disposicións. García Negro (2000: 83) fai referencia a esas estruturas cunha fina dose de ironía: “Refíro-me aos ‘me vou’, ‘me fixo’, ‘me dixo’, ‘me poño’, ‘me chamas’... e tantos máis, que deforman o galego na súa sintaxe correcta. Como non cabe pensar na influencia do portugués do Brasil, a deformación é filla directa do español e dunha ‘tradución’ ou transposición mal feita deste idioma. Naturalmente, non acontece só co panorama ‘me’, senón con todos os demais [pronomes clíticos] [...]. Si é certo que en zonas do país, como A Coruña e Ferrol, na fala popular, xa se rexista (por maior exposición ao español e maior efecto invasivo) desde hai tempo. Recordo ouvir-lle a meu pai, sendo eu nena: ‘como din na Coruña, cho xuro!’”.

ción de adverbios (14a-a’), as construcións co pronome reflexo (14b-b’), o exemplo de interpolación pronominal (14c), a éncise do pronome átono ao participio (14d) ou a posibilidade de non utilizar estruturas con redobro de clítico con FN exprimidas con elementos lexicais (14e-e’)¹¹:

14. (a) Tampouco quere o caldo
 (a’) Tampouco non quere o caldo
 (a’’) Tamén non quere o caldo
 (b) Véndense terreos e alúganse casas
 (b’) Véndese terreos e alúgase casas
 (c) A terra en que me eu criei fica lonxe de aquí
 (d) *Os dous veciños téñense ofendido e insultádose en moitas ocasións
 (e) Dei ao teu pai un abrazo
 (e’) Deille ao teu pai un abrazo

(ii) estruturas igualmente non xerais, mais normalmente identificadas con outros estadios da lingua e regularmente consideradas nos lindeiros da praxe cotiá moderna sentida como válida, como é o caso da dupla negación preverbal propia do período medieval (15b), aínda hoxe detectábel en certas variedades, ou inclusive a construción pronominal co verbo *pasar* (15b), posibilidade hoxe practicamente en desuso que conta con algunha atestación entre certa xente idosa¹²:

11 Cf. tamén, por exemplo, os datos comentados en Kabatek (2000: 184) para caso de próclise do pronome átono a respecto do verbo nunha estrutura como *teño que o dicir*: “A informante [...] di que a forma *teño que o dicir* é ‘mui galega’, aínda que non pertenza ó seu dialecto materno; e di que intenta empregala conscientemente (sobre todo na escrita)”.

12 Popular e dialectalmente, documéntanse na oralidade actual estruturas similares, cal *Nada non me dixo*, *Ninguén non a axudou* etc. Interesa sabermos, con todo, se se trata de verdadeiras reminiscencias da lingua antiga ou, polo contrario, de estruturas contemporáneas debidas a unha alteración da orde de elementos máis habitual, hipótese que, á falta doutras investigacións máis demoradas, se nos presenta como a máis facilmente plausible. Por outro lado,

15. (a) *Ninguén non* veu á festa
(b) Foi ver o que *se* pasaba

(iii) estruturas identificadas con certa clareza con determinadas variedades lingüísticas, cal as determinadas polo tipo de rexistro, pola rexión xeográfica¹³ etc., embora potencialmente estrañas ao propio modo de falar do individuo. Repárese, neste sentido, nas posibilidades (16b), (16c'), (16d'), e (16e''') a seguir:

16. (a) Están chamando por ti
(a') Están chamándote
(b) Ordenaron de facer o xantar
(b') Decidiron facer o xantar
(c) Viron todas as reitoras falaren dos orzamentos
(c') Viron a todas as reitoras falar dos orzamentos
(d) *A rapariga que o pai chegou onte é a nosa veciña
(d') A rapariga cuxo pai chegou onte é a nosa veciña
(e) A miña irmá é máis alta ca min
(e') A miña irmá é máis alta ca eu
(e'') A miña irmá é máis alta que eu
(e''') A miña irmá é máis alta do que eu

(iv) estruturas cunha notabilísima atestación, particularmente nos rexistros orais, consideradas normais ou habituais pola maioría de falantes pola súa grande frecuencia de aparecemento, mais que, polo contrario, son estigmatizadas negativamente en traballos de natureza prescritiva a pesar de algunhas construcións equivalentes disporen xa de abundantes exemplos nos tex-

para documentacións contemporáneas de *pasarse*, véxase Sánchez Rei (2013), en que se recollen exemplos provenientes da lingua oral e de textos de extracción popular.

13 Cf. o traballo de Peres & Mória (1995: 37), en que, a falar das variedades de portugués, xa se sinala “que a variação adentro do espaço português é fraca no plano sintáctico [...] e forte nos planos lexical e fonético, onde a diversidade é acentuada”.

tos medievais; tal é o que acontece, poñamos por caso, coas catro primeiras mostras a seguir¹⁴ de (17a), (17a'), (17b) e (17b') ou coas dúas seguintes (17c) e (17c'), as cales contan con construcións equivalentes na lingua antiga relativamente ás concordancias *ad sensum* entre o nome substantivo *xente* e o verbo (Silva 1989: 493):

17. (a) Teño medo de que chova hoxe
 (a') *Teño medo que chova hoxe
 (b) Estaban seguras de que ían aprobar
 (b') *Estaban seguras que ían aprobar
 (c) A xente, á volta dos acontecementos, pensa en facer algo
 (c') A xente, á volta dos acontecementos, pensamos en facer algo
 (d) Bebeu un pouco de auga despois do partido
 (d') *Bebeu unha pouca de auga despois do partido

Nestes medios, uns dos exemplos máis recorrentes de casos de sintaxe non contemplada no estándar consiste na diversa casuística que se dá cos nexos preposicionais exixidos pola rexencia verbal, en que se detectan supresións da partícula (o que Mateus & Cardeira 2007: 71 identifican como “relativas cortadoras”, moito máis comúns na lingua oral que na escrita), acrecentamentos indebidos de preposicións ou substitución dunha preposición por outra etc. Corresponde ao que en Peres & Mória (1995: 107-168) se denomina “problemas relativos a preposições argumentais”¹⁵:

- 14 Exemplos inspirados en Cidrás Escáneo (1994). Expón este investigador que son “as formas máis comúns na lingua oral e gozan dunha longa tradición histórica e literaria”, ao paso que acrecenta que posúen “un sólido fundamento teórico no sistema da lingua (como predicados derivados por incorporación de obxecto) e desde logo nada teñen de solecismo a non se-lo infortunio do seu formal rexeitamento, nos rexistros cultos, por prexuízo gramatical” (Cidrás Escáneo 1994: 116).
- 15 Cf. a explicación proporcionada por Rabanales (1992: 34) para sinalar os motivos de a preposición *de* desaparecer en tales casos, na cal se subliña a secuencia de dous “conectantes (ambos nominalizadores) carentes de signifi-

18. (a) O libro de que eu gosto é aquel
 (a') *O libro que eu gosto é aquel
 (b) Pensaban que ían chegar tarde
 (b') *Pensaban de que ían chegar tarde)
 (c) Nesa zona do cadro, a pintora combinou a cor azul
 coa amarela
 (c') ?Nesa zona do cadro, a pintora combinou a cor azul
 á amarela
 (c'') *Nesa zona do cadro, a pintora combinou a cor azul
 da amarela

Outrosí, faise necesario sinalarmos que nestas liñas de análise de orientación normativa ou prescritiva é onde aparecen as nocións –ás veces tan problemáticas e tamén tan contestadas– da aceptabilidade, adecuación, anomalía (en vafrios graos), corrección e incorrección, desvío lingüístico, erro gramatical (igualmente con diversos graos), gramaticalidade (con subsecuentes graos), interpretabilidade, irregularidade etc.¹⁶ Duarte & Brito (1996: 248) sinalan que en sintaxe a gramaticalidade dunha construción deriva do seu encaixamento ou non nos “padrões de organização sintáctica característicos de uma dada sincronia linguística”. Por iso, os conceptos antes expostos e as súas matizacións fican condicionados, na maioría dos casos, polo que se entende por variedade modelar ou estandarizada nunha época e vernizados, en bastantes ocasións, con cualificativos do tipo “pouco común” ou “moito común”, “frecuente” ou “infrecuente” etc. Hai que notar que os procesos de mudanza das linguas, uns dos trazos definitorios delas, facilitan que os xuízos de valor nin sempre sexan unánimes

cado lexemático (por lo que su ausencia no afecta la comprensión), siendo de el más débil, ya que *que* es estructuralmente necesario”.

16 Non raro, como sinala Bagno (2006: 128), o que impulciona a catalogación de erros asenta frecuentemente na existencia de determinados xuízos de valor: “É preciso ter sempre em mente que tudo aquilo que é considerado *erro* ou *desvio* pela gramática tradicional tem uma explicação lógica, científica, perfeitamente demonstrável”.

entre os grupos de falantes e provocan que haxa opinións encontradas a este respecto, nomeadamente cando se estiveren a verificar as modificacións.

No ámbito sintáctico, todas esas matizacións son relativamente fáceis de se rexistraren unidas en grande medida aos tales xuízos de valor. Mais noutras esferas da reflexión gramatical, porén, modifícase a apreciación que tanto falantes como persoas expertas puideren ter ao respecto. Vira totalmente esperábel dicirmos que a combinación de elementos dunha cláusula como **A libros de historia está en a mesa* é agramatical, a paso que unha combinación como *Os libros de historia están na mesa* reciba o cualificativo de gramatical. Mais no dominio da fonética, da fonoloxía ou da formación de palabras, por exemplo, os adxectivos con que normalmente hai que traballar son “posíbel” ou “non posíbel”, “existente” ou “non existente”: as estruturas silábicas da lingua impiden que haxa no galego unha sucesión de sons do tipo [ɔʝk] nin [ãũæ] (son imposíbeis), nin unha combinación de fonemas como /rɾɿ/ nin /mɿŋ/ (tamén son imposíbeis)¹⁷; no dominio morfolóxico-lexical, por súa vez, palabras como *beirarrúa*, *sanatorio*, *manuelmariana/o*, *marxista*, *rosaliana/o* etc. eran inexistentes até non hai moito tempo e son na actualidade empregadas con normalidade, mais unidades vocabulares cal **americán*, **semán*, **sudamericán* etc., estando mesmo moito documentadas na literatura contemporánea, son imposíbeis na lingua galega a pesar de contaren con esa detección en certos textos escritos; e léxico como **desades-cubrir*, **inconsaber* ou **adesteorizamento* nunca existiu nin é na actualidade posíbel¹⁸.

17 Di ao respecto Bach (1976: 32) que “así como el hablante nativo sabe que ciertas secuencias de sonidos son ‘pronunciables’ en su lengua, así también es capaz de juzgar que ciertas expresiones son expresiones auténticas en su lengua, mientras que otras no lo son”.

18 Cfr. o sinalado en Varela Ortega (1996: 23): “En sintaxis [...] no cabe hablar de cuáles sean las oraciones existentes en la lengua. En el léxico, en cambio, la noción de ‘palabra existente’ es básica: ellas son la base y el modelo de las nuevas formaciones o palabras ‘posibles’”. Cf tamén a apreciación de

Canto á noción de “sentido”, a pesar de estar moito próximas dos conceptos anteriores, non debe, como é obvio, confundirse con estes: o coñecido exemplo de Chomsky *As ideas verdes incoloras durmían furiosamente*, sendo gramatical do punto de vista sintáctico, carece de sentido a ter en conta os trazos semánticos dos constituíntes clausais; repárese tamén nunha secuencia de tres palabras de contido lexical como *músico melodias interpretar*, en que, non se podendo considerar gramatical, nin aceptábel, nin pouco común etc., facilítanos, con todo, apprehendermos o seu sentido básico a partir da semántica elemental dos tres elementos. Talvez sexa por iso que Johnson-Laird (1976: 280) puxo en relevo o sentido antes que regras ou criterios de estruturación clausal, pois estes son “un pequeno fragmento del discurso que se da en la vida real, y si recordamos algo de él es el sentido y no la sintaxis”, que só se lembra durante un lapso de tempo moito breve en que a memoria “parece funcionar como una caja de resonancia”¹⁹.

4. CONCLUSIÓN

En resumo, a sintaxe, disciplina que se podería considerar como o esqueleto dunha lingua, permite estudar a estrutura interna desta, ao paso que tamén se centra nas unidades sintácticas e das funcións desempeñadas por elas en unidades como a frase ou a cláusula. O significado clásico do termo “sintaxe”, que quería dicir “orde”, “ordenamento”, “disposición” etc., sen nunca desaparecer completamente, viu acrecentada a súa esfera semántica coa posibilidade

Rabanales (1992: 89), segundo a cal en morfoloxía e en fonoloxía se traballa con ordenacións fixas ao paso que a sintaxe opera tanto con ordes fixas como con variábeis.

19 Aínda formula a seguinte pregunta: “Nadie sabe cómo se representa el significado en la memoria, pero no hay elementos de juicio que indiquen la intervención directa de ningún género de estructura sintáctica, lo que resulta bastante extraño, ya que si la sintaxis no es necesaria para memorizar el significado, ¿por qué sería entonces necesaria para comunicarlo” (Johnson-Laird 1976: 282).

de percorrer outros camiños que dan conta da importancia que ten para unha análise profunda do idioma. Así, no momento de transmitirmos ao estudantado os motivos de ser unha disciplina tan importante, podemos incidir en que se ocupa, tamén, e sen ánimo de exhaustividade pola nosa parte, do estudo da orde de elementos e das relacións entre eles, da estruturación interna que presentaren eses elementos e das relacións existentes entre sintaxe descritiva e sintaxe prescritiva.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Albi Aparicio, M. (2005). “Hacia un nuevo concepto ampliado de la Teoría de las Valencias”. En Wotjak, G., & Cuartero Otal, J. (eds.), 191-201.
- Alonso-Cortés, Á. (2015). *Lingüística*. Madrid: Cátedra. 2ª ed.
- Álvarez, R., & Monteagudo, H. (eds.) (2005). *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.
- Álvarez, R. (2005). “A definición dun estándar sintáctico: problemas, cautelas, límites”. En Álvarez, R. & Monteagudo, H. (eds.), 359-376.
- Azeredo, J. C. de (2008). *Gramática Houaiss da Língua Portuguesa*. São Paulo: Publifolha / Instituto Antônio Houaiss.
- Bach, E. (1976). *Teoría sintáctica*. Barcelona: Anagrama.
- Bagno, M. (2006). *O Preconceito Lingüístico*. São Paulo: Edições Loyola.
- Benedet, M. J. (2006). *Acercamiento neurolingüístico a las alteraciones del lenguaje*. I. *Fundamento teórico de la neurolingüística. Procesamiento normal del len-*

- Freixeiro Mato, X.R. (2013). *Estilística da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.
- Fudge, E. C. (1975). “Fonología”. En Lyons, J. (org.), 79-98.
- García Negro, M^a. P. (2000). *Direitos lingüísticos e control político*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- García-Miguel, J. M., & Cabeza, C. (2000). “Sintaxe”. En Ramallo, F., & Rei-Doval, G., & Rodríguez Yáñez, X. P. (eds.), 543-583.
- Hernández Alonso, C. (2005). “El funcionalismo lingüístico: tendencias, corrientes y caminos abiertos”. En Wotjak, G., & Cuartero Otal, J. (eds.), 229-247.
- Hudson, R. A. (2000). *La sociolingüística*. Barcelona: Anagrama. 2^a ed.
- Jódar Vicente, M. (coord.) (2005). *Trastornos del lenguaje y la memoria*. Barcelona: Editorial Universitat Oberta de Catalunya.
- Johnson-Laird, P. N. (1975). “La percepción y la memoria de oraciones”. En Lyons, J. (org.), 273-283.
- Kabatek, J. (2000). *Os falantes como lingüistas. Tradición e innovación no galego actual*. Vigo: Xerais.
- Lewandowski, T. (1992). *Diccionario de Lingüística*. Madrid: Cátedra.
- Lyons, J. (org.) (1975). *Nuevos horizontes de la lingüística*. Madrid: Alianza Editorial.
- Malmberg, B. (1985). *Introducción a la lingüística*. Madrid. Cátedra.
- Martínez, H. (2005). *Construír bien en español. La corrección sintáctica*. Oviedo: Ediciones Nobel / Ediciones de la Universidad de Oviedo.
- Mateus, M. H. Mira, & Cardeira, E. (2007). *Norma e Variação*. Lisboa: Caminho.
- Neves, M. H. de Moura (2002). *A Gramática. História, Teoria e Análise, Ensino*. São Paulo: UNESP.

- guaje*. II. *Neurolingüística. Aplicaciones de la ciencia*. Madrid: Editorial EOS.
- Bickerton, D. (1994). *Lenguaje y especies*. Madrid: Alianza Universidad.
- Busse, W., & Vilela, M. (1986). *Gramática de Valências. Esboço de Apresentação e Aplicação à Língua Portuguesa*. Coimbra: Almedina.
- Câmara Jr., J. Mattoso (s.d.). *Dicionário de Filologia e Gramática Referente à Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: J. Ozon Editor.
- Carballo Calero, R. (1979). *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia. 7ª ed.
- Chomsky, N. (1995). *The Minimalist Program*. Cambridge, Mass.: The MIT Press.
- Cidrás Escáneo, F. A. (1994). “Modelos de lingua e variación sintáctica”, *Cadernos de Língua*, 10, 103-118.
- Cidrás Escáneo, F. A. (2005). “A sintaxe na gramática: problemas de descrición e problemas de prescrición”. En Álvarez, R., & Monteagudo, H. (eds.), 334-357.
- Cuesta, P. Vázquez, & Luz, A. Mendes da (1989). *Gramática da Língua Portuguesa*. Lisboa: Edições 70. 2ª ed. em português
- Cunha, C., & Cintra, L. F. Lindley (1992). *Gramática da Língua Portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa. 9ª ed.
- Duarte, I., & Brito, A. M. (1996). “Sintaxe”. En Faria, I. Hub, et al. (orgs.), *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*, 247-302. Lisboa: Caminho.
- Dubois, J., et al. (2007). *Dicionário de Lingüística*. São Paulo: Cultrix. 15ª ed.
- Eliseu, A. (2008). *Sintaxe do Português*. Lisboa: Caminho.
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). *Gramática da Língua Galega*. II. *Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra. 2ª ed.

- Peres, J. Andrade, & Mória, T. (1995). *Áreas Críticas da Língua Portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Rabanales, A. (1992). *Métodos probatorios en gramática científica*. Madrid: Itsmo.
- Riemsdik, H. van, & Williams, E. (1990). *Introducción a la Teoría Gramatical*. Madrid: Cátedra.
- Roca Pons, J. (1982). *El lenguaje*. Barcelona: Teide. 4ª ed.
- Rodríguez Espiñeira, M. J. (2004). *Lecciones de sintaxis española*. Colección *Lalia*, Series Maior, 19. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Saco Arce, J. A. (1868). *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.
- Sánchez Rei, X. M. (2005). “Trazos xerais da tradición gramatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía*, 6, 93-121.
- Sánchez Rei, X. M. (2013). “A fala das persoas de idade e a súa importancia para o estudo da variación lingüística”. En Merlan, A., & Schmidt-Radefelt, J. (Hrsg. / eds.), *Portuguesisch als Diasystema / O Português como Diassistema. Rostocker Romanitische Arbeiten*, 17, 143-162.
- Sánchez Rei, X. M. (2014). “A preocupación por unha lingua de calidade: aproximación histórica ao caso do galego nos anos finais do século XIX e nos inicios do século XX”. En Sánchez Rei, X. M. (ed.), *Modelos de lingua e compromiso*, 85-149. A Coruña: Baía Edicións.
- Silva, R. V. Matos e (1989). *Estruturas Trecentistas. Elementos para uma Gramática do Português Arcaico*. Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda.
- Tuson, J. (2011). *Quinze lliçons sobre el llenguatge (i algunes sortides de to)*. Badalona: Ara Llibres.
- Varela Ortega, S. (1996). *Fundamentos de Morfología*. Madrid: Síntesis.

- Vilela, M. (1999). *Gramática da Língua Portuguesa. Gramática da Palavra. Gramática da Frase. Gramática do Texto / Discurso*. Coimbra: Livraria Almedina.
- Volóshinov, V. Nikoláievich (2014). *El marxismo y la filosofía del lenguaje (Los principales problemas del método sociológico en la ciencia del lenguaje)*. Buenos Aires: Godot.
- Wotjak, G., & Cuartero Otal, J. (eds.) (2005). *Entre semántica léxica, teoría del léxico y sintaxis*. Frankfurt am Main: Peter Lang.